

Capela de San Miguel

050090

Datos de Localización

Capela

| | |
|--------------|-----------------------------|
| Nomenclator: | 3207703 |
| Coord. UTM: | X: 60335354 Y: 466226992 |
| Concello: | Sandiás |
| Parroquia: | SANDIÁS |
| Lugar: | Coaloso |
| Tipoloxía: | Arquitectura Relixiosa |
| Tipo: | Capelas |
| Subtipo: | Capela |



Denominación: Capela de San Miguel

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante: Indeterminado

Outros Estilos:

Descripción:

En 1652 cando otorga o seu testamento Dona María de Gándara, veciña da casa do espido, xa existía unha capela na honra de San Miguel, xa que entre outras moitas manda que á sua morte se digan unhas misas nesta ermida (Libro 35.11.13., fol.269).

Tres anos máis tarde recóllese na documentación esta breve descripción: "*La otra es la avocacion del angel San Miguel esta muy bien conpuesta con sus rejas y frontal de red y la conpuso un labrador por debocion* (Libro 35.11.7., fol. 95Vº).. Parece que o templo continuou gozando deste estado de decencia polo menos medio século máis, así se vai desprendendo das diferentes visitas parroquiais: visita de 1669 (Libro 35.11.7., fol.19), visita de 1670 (Libro 35.11.7., fol.25), visita de 1694 (Libro 35.11.7., fol.80Vº), visita de 1696 (Libro 35.11.13., fol.225), visita de 1699 (Libro 35.11.13., fol.229). A cousa cambia coa entrada do século XVIII, así en 1709 xa se atopaba indecente para o culto (Libro 35.11.13., fol.231). Esta indecencia foise prolongando no tempo, e na visita parroquial de maio de 1718 recóllese o seguinte; "*Yten manda su Ilustrisima que por quanto las hermitas de San Benito y San Miguel estan con notable indesencia se notifique y haga saber para el abbad a sus feligreses rehediquen la de San Miguel... ..dentro de seis messes que corren desde la publicacion de esta visita, y no lo haciendo se demuela la de San Miguel, trahiendo los santos a la Yglesia poniendo una cruz en el sitio donde esta dicha hermita* (Libro 35.11.13., fol. 236Vº)

Nas visitas dos anos 1721 (Libro 35.11.13. fol.239) e 1728 (Libro 35.11.13. fol.240v). queda reflectido que o mandato de arranxar ou derribar a ermida de Coaloso no se cumplira, facendo petición de novo o bispo de que se arranxe ou que se tire. Parece ser que ós feligreses lle chamou más a segunda opción xa que na visita pastoral de 1763 (Libro 35.11.13. fol.1) xa se di que o templo está con decencia para poder misar, así se volve a repetir seis anos mais tarde; (Libro 35.11.13. fol. 248) e nas visitas conservadas do século XIX.

Estase a falar dunha capela rural moi modesta, de planta rectangular cos muros de cahotaría. Nun dos lados menores, o do altar, pódese apreciar como en tempos o templo contou con menor altura. Nunha fachada de gran sobriedade ábreñense dous vans alintelados; unha porta de entrada e unha fiestra bastante desenrolada para este tipo de capelas. Sobre un basamento aséntase a espadana de arco e dun só oco. Aparece rematada por unha cruz latina pétrea sobre cornixa.

No lintel da porta reza unha inscripción irrecoñecible pola erosión do paso do tempo. Cuberta a dúas augas con tella romana

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás. Clave de identificación: AR-5.
-Ficha do Inventario do Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico do Ministerio de Cultura.
-A.H.D.OU.

Libro 35.11.13
Libro 35.11.7

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulares:

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Área de Protección: 100m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.:

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq.: -----

Xustificación da Protección:

Titularidade:

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació: Bo

Uso Actual: Devocional

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descripción:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles





